

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA DE CARÁCTER EXCEPCIONAL POR PARTE DO CONCELLO DE PONTEAREAS A FAVOR DA ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL E VECIÑAL DE CILLARGA PARA FINANCIAR AS OBRAS DE SUBSTITUCIÓN PARCIAL DA CUBERTA DO CENTRO CULTURAL DE CILLARGA

REUNIDOS

Dunha parte, don JUAN CARLOS GONZÁLEZ CARRERA, con DNI 35561703T, 1º tte. da alcaldesa do Concello de Ponteareas, que ten a competencia delegada mediante Decreto de Alcaldía núm. 2023-2084, do 19 de outubro de 2023, que intervéen en nome do Concello de Ponteareas

Doutra parte, don María Concepción Pereira Pumar, con DNI 36060095M, que intervéen no nome e representación da Asociación Centro Cultural e Veciñal de Cillarga (en diante, Asociación), con CIF G94114279 e enderezo a efectos de notificacións no Centro Cultural de Cillarga, Barrio de Cillarga, 23 na parroquia de Ribadetea - Ponteareas, e con capacidade legal en base aos estatutos da Asociación.

Ámbalas partes recoñécense con capacidade dabondo para formalizar o presente convenio.

EXPOÑEN e ACORDAN:

1.- Vista a memoria xustificativa asinada polo Concelleiro de Cultura, Juan Carlos Gonzalez Carrera con data 30 de novembro de 2025.

A Asociación Asociación Centro Cultural e Veciñal de Cillarga, CIF G94114279, desenvolven a súa actividade no Centro Cultural e Veciñal de Cillarga, para o cal ostentan actualmente unha cesión de uso por parte da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Ribadetea, CIF V36121853. Esta cesión de uso é efectiva dende o 26 de outubro de 2021 por un período de 15 anos, tendo a Asociación Centro Cultural e Veciñal de Cillarga a obriga de conservación, bo uso e mantemento do edificio obxecto de cesión durante a súa vixencia, para o cal queda autorizada pola Comunidade de Montes a realizar as obras que sexan precisas a tales fins (Exp. 10533/2024).

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra acordou na súa sesión ordinaria do día 14 de novembro de 2025, a concesión dunha subvención da convocatoria do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Plan Provincia Comunitaria 2025), á Asociación Centro Cultural e Veciñal de Cillarga, CIF G94114279, por importe de 10.000,00 € para acometer o proxecto de substitución parcial da cuberta do Centro Cultural de Cillarga, que conta cun orzamento de execución de 6.639,92 €.

O pleno do Concello de Ponteareas acordou na sesión ordinaria celebrada o 25 de novembro de 2025 aprobación inicial da modificación de crédito 6/2025, na modalidade de crédito extraordinario financiado con maiores ingresos recadados, derivados da aprobación da actualización das contías correspondentes á participación nos tributos do Estado 2025 (Exp. 9559/2025). Nesta aprobación acordouse o financiamento de 6.639,92 € por parte do Concello de



Ponteareas para a substitución parcial da cuberta do Centro Cultural e veciñal de Cillarga a través dunha subvención nominativa á Asociación Centro Cultural e Veciñal de Cillarga, CIF G94114279.

O obxecto de esta subvención destínase a financiar as obras de substitución parcial da cuberta do Centro Cultural e veciñal de Cillarga, para as cales a Asociación tamén recibiu unha axuda económica da Deputación de Pontevedra por importe de 10.000,00 €. A concesión do importe da subvención de 6.639,92 €, estará regulado por un convenio nominativo que se asinará. Este importe deberá xustificarse antes do 31 de decembro de 2025.

Seguindo as bases de execución do actual orzamento 2025, na súa base 46ª “axudas e subvención públicas” no apartado VIII) “subvencións directas de carácter excepcional”. As razóns de interese público e social que neste caso se xustifican e que dificultan a súa convocatoria pública son as seguintes:

1. Razóns de interese público, social, económico e humanitario

A Asociación Centro Cultural e Veciñal de Cillarga desenvolve unha actividade continuada e esencial para a vida social, cultural e comunitaria deste barrio da parroquia de de Ribadetea, constituíndo o Centro Cultural un espazo de referencia imprescindible para a veciñanza. Neste inmobile lévanse a cabo actividades que fomentan a cohesión social, a participación veciñal, a conservación das tradicións culturais e o desenvolvemento de iniciativas formativas, deportivas e de ocio, incluídas aquelas dirixidas a persoas maiores, infancia e mocidade.

A substitución parcial da cuberta constitúe unha actuación de interese público e social innegable porque:

- *O Centro Cultural é o único equipamento sociocomunitario existente na zona, polo que a súa posta en risco afectaría directamente á prestación de servizos e actividades de interese xeral para toda a veciñanza de Cillarga.*
- *As filtracións de auga que se están producindo actualmente comprometen a seguridade estrutural do inmobile, podendo xerar humidades, deterioración de instalacións eléctricas, danos en materiais e mobiliario, e mesmo risco para as persoas usuarias.*
- *O deterioro progresivo podería derivar en custes futuros moito máis elevados, supoñendo un uso ineficiente dos recursos públicos se non se actúa de forma inmediata.*
- *O centro acolle actividades culturais, educativas, recreativas e de dinamización social fundamentais para previr o illamento social, especialmente de colectivos vulnerables como persoas maiores, persoas con mobilidade reducida e familias con escasos recursos.*
- *A continuidade destas actividades é fundamental para garantir o dereito da cidadanía á participación cultural e social, considerado un obxectivo estratéxico para o Concello de Ponteareas.*
- *A actuación contribúe tamén ao mantemento e conservación do patrimonio comunitario, asegurando a súa sustentabilidade a medio e longo prazo, dado que a Asociación ten cedido o uso e a obriga de conservar o inmobile.*

En consecuencia, a intervención proposta ten un impacto directo na calidade de vida da poboación, no reforzo da convivencia veciñal e na preservación dun equipamento esencial para o desenvolvemento deste barrio da parroquia de Ribadetea, motivos que acreditan o interese público, social, económico e mesmo humanitario da actuación.

2. Razóns que xustifican a dificultade dunha convocatoria pública, a innecesariedade da concorrència e o carácter excepcional

A concesión da subvención mediante concorrència competitiva non é viable nin axeitada neste caso polos seguintes motivos:

- Existencia dun único destinatario posible da axuda: A actuación ten por obxecto a execución de obras nun inmobile específico, o Centro Cultural e Veciñal de Cillarga, que é titularidade da Comunidade de Montes e cuxo uso está cedido exclusivamente á Asociación Centro Cultural e Veciñal de Cillarga.

Soamente esta entidade pode legalmente realizar as obras de conservación e mellora, polo que non existe pluralidade de potenciais beneficiarios, facendo inútil calquera procedemento concorrencial.

- Carácter urxente das obras: As filtracións están a producir deterioros crecentes e irreversibles no interior do edificio, polo que non é posible demorar a actuación sen comprometer seriamente a integridade do inmobile e a continuidade das actividades socioculturais que nel se desenvolven.

A tramitación dunha convocatoria pública alonxaría os prazos e impediría actuar no exercicio 2025, xerando máis danos e incrementando o custo da reparación.

- Interese público singular e específico: A actuación non responde a unha actividade aberta a múltiples entidades, senón a un proxecto concreto, asociado a un edificio concreto e cunha entidade única responsable da súa xestión e conservación.



Isto fai que a concorrència non só sexa innecesaria, senón tamén inaplicable e contraria ao principio de eficiencia na xestión pública.

- Carácter excepcional recollido expresamente na base 46ª das Bases de Execución do Orzamento 2025: A normativa municipal permite a concesión de subvencións directas cando concorran razóns debidamente motivadas de interese público, social ou humanitario, tal e como acontece neste caso. Así mesmo o pleno do Concello de Ponteareas acordou na sesión ordinaria celebrada o 25 de novembro de 2025 aprobación inicial da modificación de crédito 6/2025, para financiar dita actuación.

A excepcionalidade está plenamente acreditada pola combinación de factores: urxencia, ausencia de destinatarios alternativos, imperativo de conservación dun equipamento público esencial, e obrigación de garantir a continuidade dunha subvención doutra administración.

2.- Que, en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas, o Concello de Ponteareas e a Asociación Centro Cultural e Veciñal de Cillarga asinan un convenio de colaboración para financiar as obras de substitución parcial da cuberta do Centro Cultural e veciñal de Cillarga, para as cales a Asociación tamén recibiu unha axuda económica da Deputación de Pontevedra por importe de 10.000,00 €. A concesión do importe da subvención de 6.639,92 €, estará regulado polo presente convenio nominativo.

Para isto, o Concello de Ponteareas comprométese a colaborar coa Asociación cunha subvención directa de carácter excepcional segundo o recollido na apartado 46 das bases de execución do orzamento 2025. Esta subvención ten un importe de 6.639,92 € (seis mil seiscientos trinta e nove con noventa e dous céntimos), IVE incluído, que corresponden cos gastos de substitución parcial da cuberta do Centro Cultural e veciñal de Cillarga. Para isto dispónse do crédito necesario na partida orzamentaria 33000/7800003/01.

3.- Que a Asociación comprométese a aplicar a subvención soamente ás obras e os gastos indicados no punto anterior, comprometéndose a presentarlle ao Concello as facturas polos traballos realizados por estas actuacións.

4.- Establécese como obxecto desta subvención os gastos comprometidos pola Asociación no período comprendido entre o 1 de xaneiro e 31 de decembro do 2025, para realización das accións comprometidas que xustifican o destino desta subvención.

5.- Estas actuacións deberán estar acreditadas e xustificadas ante o Concello de Ponteareas antes do 31 de decembro do ano 2025.

6.- Para considerar acreditadas e xustificadas as actuacións a Asociación, deberá presentar a través do Rexistro Xeral do Concello a seguinte documentación, tal e como se establece na Base 46ª.X do orzamento municipal de 2025, como conta xustificativa do gasto realizado:

- Facturas orixinais de gasto ou fotocopias debidamente compulsadas.
- Indicación expresa de que se realizou o fin para o que foi concedida.
- En todos os casos, deberá acreditarse o pagamento mediante presentación do xustificante de transferencia bancaria ou recibín do preceptor, se o pagamento foi en metálico, con indicación do Documento de Identidade, sinatura e nome e



apelidos do mesmo, así como as acreditacións de non ter débedas fiscais nin sociais coa Seguridade Social, Administración do Estado e Administración autonómica.

- Declaración de ser ou non beneficiaria doutras subvencións públicas para a mesma finalidade.

7.- O Concello de Ponteareas comprométese a facer efectivo o importe das subvencións a Asociación mediante ingreso na conta bancaria que rexenta a entidade.

8.- As actuacións da Asociación que resulten cubertas con esta subvención non poderán seren aplicadas a ningunha outra subvención ou axuda económica de calquera organismo público sempre que non se supere o total subvencionado en conxunto de todas as axudas públicas recibidas para a mesma finalidade que se inclúe no presente convenio. O incumprimento deste requirimento obriga á Asociación á devolución inmediata da parte da subvención recibida correspondente as actuacións polas que se incumpra, ou a totalidade da subvención, se for o caso.

9.- Este convenio, unha vez asinado, debe remitirse á Base de Datos Nacional de Subvencións e publicarse no portal de transparencia do Concello de Ponteareas.

En proba de conformidade, as partes asinan electronicamente o presente convenio.

